



O DÍA 8 DE XANEIRO FINALIZA O PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS AO PREMIO PROVINCIAL Á MELLOR INICIATIVA EMPRESARIAL

Desde o Concello de Touro queremos animar aos/ás representantes das nosas empresas a participar nesta convocatoria

A Deputación da Coruña publicou as bases e a convocatoria da cuarta edición do **Premio Provincial á Mellor Iniciativa Empresarial (PEL-EPR PREMIO)**, un galardón incluído entre as accións de incentivos á calidade e á innovación da idea empresarial do **Plan de Emprego Local (PEL)** co que se pretende recoñecer e promocionar o traballo realizado polas pequenas e medianas empresas, microempresas, autónomos/as, concellos e asociacións empresariais da provincia da Coruña, así como contribuír ao crecemento e desenvolvemento das mesmas. Se concederán un total de cinco galardóns por un importe total de **75.000 euros** outorgándose **15.000 euros** a cada unha das seguintes categorías:

1ª CATEGORÍA: Premio á mellor iniciativa empresarial nova. Para pequenas e medianas empresas, microempresas e autónomos/as que iniciasen a súa actividade empresarial ininterrompida nas anualidades 2019 ou 2020 e sempre con anterioridade á publicación da convocatoria no BOP.

2ª CATEGORÍA: Premio á mellor iniciativa empresarial consolidada. Para pequenas e medianas empresas, microempresas e autónomos/as que comezasen a súa actividade empresarial ininterrompida durante a anualidade 2015 ou con anterioridade.

3ª CATEGORÍA: Premio á mellor iniciativa innovadora na loita contra a COVID-19. Para pequenas e medianas empresas, microempresas, autónomos/as e concellos que a través da súa actividade innovadora axudasen a frear a expansión da COVID-19, investigaran unha posible cura e/ou contribuísen dalgún xeito a paliar os danos, efectivos e colaterais, ocasionados pola pandemia.

4ª CATEGORÍA: Premio á mellor asociación empresarial. Para asociacións, agrupacións e federacións de empresarios/as da provincia da Coruña.

A participación só poderá realizarse mediante a presentación telemática da documentación, a través da plataforma Subtel.

O prazo de presentación de candidaturas é ata o día 8 de xaneiro de 2021 ás 14.00 horas.

Bases da convocatoria: <https://emprego.dacoruna.gal/lineas/lina-2-pel-emprende/premio-provincial-mellor-iniciativa-empresarial/>